



# Memoria

## Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

*CURSO 2021-2022*



#### Datos xerais:

Inicio do proxecto: A primeira reunión para a constitución do equipo foi o 27 de setembro de 2021.

Aulas e cursos implicados: Todas as aulas e todos os cursos do centro educativo. As actividades organizadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE) están dirixidas a todo o alumnado das diferentes etapas. O equipo estivo composto por membros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria que traballamos, conxuntamente, na posta en marcha e funcionamento deste tipo de actividades. Polo tanto, en maior ou menor medida, todo o alumnado e todo o profesorado participou e colaborou co EACE.

#### Compoñentes do equipo:

Carlos Babelo López  
Daniel Díaz Viqueira  
Dolores Freire Villar  
Alicia González Alonso  
Alba López Brañas  
Lidia López Sandomingo  
M<sup>a</sup> Luísa Pita Rubido (coordinadora)  
Vanessa Pita Santalla  
María Dolores Otero Mariñas  
Antonio Rodríguez Rodríguez  
Tania Ruanova Suárez  
Luísa Sánchez López  
M<sup>a</sup> Jesús Sanesteban Iglesias  
Alba Vilela Mouriz

#### Introdución:

Este curso escolar 2021-2022, ao igual que en anos anteriores, o **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares** tivo como finalidade e obxectivo planificar e organizar as diferentes actividades complementarias e extraescolares do centro que se levaron a cabo durante todo o curso, en estreita colaboración co resto de equipos e dinamizacións, principalmente co **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e co **Equipo de Biblioteca**. Periodicamente, realizáronse reunións cos membros destes equipos de cara a organizar e propoñer as diferentes actividades, aínda que tamén houbo comunicación mediante outras canles (*Whatsapp*, correo electrónico...).

Debemos ter en conta no entanto que, ao igual ca o curso anterior, nos atopamos aínda nunha situación anómala a causa da crise sanitaria xerada pola pandemia da COVID-19, que o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de **emerxencia de saúde pública** e que, polo tanto, no presente curso escolar, nos encontramos aínda cun contexto singular para o desenvolvemento pleno das actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos. Tendo en conta a **normativa** e os **protocolos** que foron xurdindo a causa desta crise, tivemos que modificar moitas das actividades que xa eran tradicionais no noso centro, levándoas a cabo a través de alternativas diferentes pero seguras. Só a partir do 3º trimestre puidemos comezar a relaxar as medidas máis estritas e a deseñar unhas actividades máis semellantes ás da antiga normalidade.

Distribuídas por trimestres, relacionamos a continuación as actividades complementarias e extraescolares que se desenvolveron ao longo deste curso no CPI Atios:

Actividades que se desenvolveron ao longo de todos os trimestres:

#### Proxecto anual do centro

Xa no primeiro trimestre se puxo en marcha, dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o proxecto anual do centro que no presente curso xirou arredor da temática do mar. A partir da idea proposta pola ANPA de colaborar no proxecto “Un mar de historias” desenvolvido polo Museo Mares de Cedeira, intentouse adaptar esta temática ao contexto do concello de Valdoviño, investigando sobre distintos aspectos relacionados co mundo do mar en toda a súa amplitude. En moitos casos, a temática tamén serviu para tratar diferentes contidos relacionados coas materias do currículo. Deste xeito, en EP traballáronse receitas de pratos mariños e os animais do mar, mentres que na ESO afondouse no léxico mariñeiro, a presenza do mar na literatura de diversas linguas e na arte, os naufraxios, a piratería... As exposicións destes traballos realizáronse en distintos espazos do centro, pero principalmente na entrada do mesmo, para darlles a maior visibilidade posible.

#### Bo día. Atios!

Ao comezo de todas as mañás do curso, amenizouse a entrada á escola con música “picada” dende a conserxería, aceptando as propostas do alumnado pero dando prioridade á música en galego. Trátase dunha actividade do EDLG e o alumnado encargado foi, principalmente, o de 4º ESO.

Actividades realizadas no primeiro trimestre:

#### Plátanos solidarios

Con motivo do desastre natural causado pola erupción do volcán da illa da Palma, a cafetería do centro organizou unha acción solidaria a finais do mes de setembro, consistente en recadar cartos a través da venda de plátanos. O alumnado, posteriormente, encargouse do reconto do diñeiro e do seu ingreso na entidade bancaria.

#### Magosto e Samaín

O venres 29 de outubro celebráronse simultaneamente o Magosto e o Samaín, e colaborouse na organización das distintas actividades propostas polo EDLG.

Levouse a cabo o tradicional concurso de cabazas, centros de outono e colares de zonchos e, nesta ocasión, xa se puido realizar unha exposición “presencial” no propio centro, a diferenza do curso pasado. O xurado escolleu os mellores traballos, que foron galardoados cun diploma e un vale para a cafetería.

Tamén se desenvolveu o día anterior á propia celebración unha xincana que tivo como protagonista ao alumnado de EP. Organizouse de xeito que se cumprisen os protocolos, sen mesturar aulas e utilizando os espazos exteriores do centro.



Outra tradición recuperada foi a da “aula terrorífica” que en cursos anteriores tanto gustara a grandes e pequenos/as. Nesta ocasión optouse por un espazo máis amplo, desenvolvéndose na casa do conserxe, polo que pasou a denominarse “casa terrorífica”, en lugar de aula. Os alumnos e as alumnas de 4º da ESO participaron na súa decoración e na posta en escena da ambientación terrorífica. Todo o mundo que quixese puido visitala durante os días da xincana e do Samaín.

E non faltou tampouco a degustación de castañas e chourizos, acompañados de zume, coa colaboración do comedor e da ANPA tanto na adquisición dos produtos como no reparto dos mesmos. Durante ese tempo, ademais, o alumnado participou en xogos populares organizados polo Departamento de Educación Física.

### Día contra a Violencia de Xénero

O 25 de novembro conmemorouse no centro o Día contra a Violencia de Xénero. Para isto, desenvolvéronse diferentes actividades.

Dende EI e EP realizouse unha exposición de zapatos vermellos emulando a instalación creada pola artista mexicana Elna Chauvet, co propósito de visibilizar e denunciar os feminicidios. Dita exposición foron realmente varias, colocadas en diferentes puntos da escola e incluso na cafetería.

Para a ESO, o Concello de Valdoviño ofertou unhas charlas sobre identidade sexual cunha actividade posterior consistente en pegar vinilos con mensaxes de tolerancia por distintas partes do centro.

Por outra banda, e para todo o centro, a FANPA de Ferrolterra proporcionounos unhas siluetas a tamaño natural dunha muller e dunha nena para que o alumnado pegase nelas as súas mensaxes de bos desexos e ideas para rematar coa violencia de xénero.

### Certame de microrrelatos e micropoesía Carmela Loureiro

Aínda que este curso se retrasou tanto a convocatoria do certame como a data límite de entrega dos traballos (que non será ata o segundo trimestre), xa saíron as bases do concurso que se propón a través do EDLG e que está organizado polo Concello de Ferrol e a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

### Celebración de Nadal

Para o tradicional concurso de postais de Nadal, este ano fíxose unha selección previa dende as titorías, que posteriormente colocaron os traballos seleccionados nos cortizos próximos a cada aula, de xeito que o último día de clase o xurado pasou polos corredores para valorar e seleccionar as postais gañadoras. Os diplomas e agasallos foron entregados este mesmo día.

E tamén o último día de clase antes das vacacións, o martes 21 de decembro, tivo lugar unha celebración semellante á do curso pasado, tendo en conta que non podía facerse doutro xeito a causa da situación COVID que comezou a empeorar ao longo do mes. Deste xeito, a través de Webex, todas as aulas se conectaron á programación especial de Nadal na que presentador, presentadora e reporteiros de 4º ESO foron percorrendo os corredores e os distintos espazos do centro para ver como se estaba a desenvolver a celebración: entrevistaron o Apalpador, Papá Noel e os Reis Magos, ademais dalgún profesor e profesora, e retransmitiron as badaladas ás 12:00 horas do mediodía, desta vez con uvas, que axudaron a repartir as cocifeiras e a ANPA. Deste xeito, creouse un ambiente festivo e simultáneo en todas as clases, aínda que o alumnado non puidese saír da súa aula.

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as coordinadores/as e xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de excursións, saídas e actividades de grupo, que foron as seguintes durante este trimestre:

- En EI, o alumnado realizou unha exposición artística con obras realizadas mediante a técnica do graffiti e que xurdiu da busca de traballar o Samaín, os medos e os seres fantásticos desde unha vertente pictórica. Inspirados na obra de Olga de Dios e armados con sprays, pinceis, esponxas, cepillos e todo tipo de útiles, deron vida a unha morea de monstros cargados de valores coma o respecto á diversidade, a amizade e o coidado do medio ambiente. Ademais, este traballo deu lugar a unha iniciativa solidaria pola que, a cambio dunha achega económica, libre e voluntaria, destinada a poboación da Palma, as persoas participantes entraban no sorteo dunha das obras colectivas expostas. O resultado final púidose ver do 15 ao 30 de novembro na Casa da Cultura de Valdoviño.
- No 1º ciclo de EP, o alumnado asistiu a un concerto que tivo lugar na Casa da Cultura de Valdoviño o 23 de novembro. Ademais, realizou unha saída ao Museo da Construción Naval, a Exponav, e a Afundación, en Ferrol, a comezos do mes de decembro.
- No 2º ciclo de EP, os 4ºs realizaron unha saída á praia da Frouxeira guiada por Fran Canosa, para coñecer a xeoloxía da zona, que tivo lugar o 11 de novembro. Ademais, os 3ºs e 4º B visitaron a exposición de graffitis de EI na Casa da Cultura de Valdoviño e máis a biblioteca municipal do concello, o 30 de novembro.
- No 3º ciclo de EP, todos os cursos recibiron a visita do club de volei de San Sadurniño, o Aldebarán, o 5 de novembro. Tamén realizaron a primeira etapa do Camiño de Santo André o 15 de novembro e asistiron a un concerto de jazz o 16 de novembro.
- En canto á ESO, realizáronse as seguintes saídas e actividades:
  - O Departamento de Bioloxía, xunto co de Educación Física, levou a cabo o proxecto “CPI de Atios saudable e sostible”, que inclúe a campaña “Merendas saudables e sostibles”, organizando unhas charlas que impartiu o propio alumnado e confeccionando un carné para a cafetería coa finalidade de introducir hábitos de consumo máis sans e respectuosos co medio ambiente entre a comunidade educativa. A andaina deste proxecto comezou o 18 de outubro.
  - O Departamento de Educación Física organizou unha visita da asociación “Aprende a volar”, de baloncesto en cadeira de rodas, destinada a 1º ESO, e que tivo lugar o 14 de decembro.
  - O Departamento de Música organizou unha actividade de danza contemporánea levada a cabo pola bailarina Kirenia Martínez, que se desenvolveu no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño para 2º e 4º da ESO o 18 de novembro.
  - O Departamento de Tecnoloxía levou a cabo unha saída para participar no XII Obradoiro - Concurso Galego de Robótica que tivo lugar na Coruña o 18 de novembro, ao que asistiu o alumnado de 3º da ESO e algúns de 4º. Posteriormente, algúns rapaces e rapazas foron recoller os premios cos que foron galardoados/as.

## Actividades realizadas no segundo trimestre:

### Día da Paz

Co gallo de celebrar o Día da Paz, contamos arredor desta data coa presenza no centro do pintor Manolo Carballeira, que deseñou un mural conmemorativo na parede situada a carón do acceso ao patio da cafetería. Encargáronse de darlle cor á ilustración algúns alumnos e alumnas da ESO, baixo a dirección e supervisión do artista. Ademais, cada curso elaborou as súas propias creacións en relación con esta efeméride, dende murais, ata frases en contra da violencia, pasando pola elaboración dun tema musical a cargo da profesora de Música de EP.

### Actividades relacionadas cos “21 Días co galego e +”

Este curso o CPI Atios foi un dos centros seleccionados para levar a cabo o programa “21 Días co galego e +” promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. O EACE colaborou moi estreitamente co EDLG na organización e no desenvolvemento deste proxecto, especialmente no referido ás actividades e obradoiros que se desenvolveron durante os recreos deses 21 días de febreiro. Así, realizáronse xogos populares, un obradoiro de tatuaxes, un *photocall*, un Galeoke, un Pasagalego, unhas primeiras citas para conversar en galego, un concurso de adiviñar autores/as e obras a partir duns versos que se entregaban coa consumición da cafetería, un obradoiro de creación de narración oral a partir das imaxes duns dados e un préstamo de libros misteriosos que, envoltos nun paquete, só daban unha pequena información do seu contido no exterior. Ademais, tamén se organizou un concurso consistente en adiviñar o significado dunha palabra en galego que cada día achegaba algún/algunha docente ás aulas dos cursos implicados (5º e 6º de EP, e toda a ESO). Todas estas actividades se distribuíron nos dous recreos e por cursos ao longo do 21 días que durou o programa.

Ademais, tamén dentro deste proxecto, tiveron lugar diversas charlas de “Youtubeiros/as” galegos/as, que foron orientadas a distintos cursos, segundo a temática das canles dos/as mesmos/as. Así contamos coa presenza no centro de Iria Veiga Ramos, coñecida como a A Raíña Vermella, aproveitando o Día da Muller e da Nena na Ciencia; Fran da Lobeira, que nos contou como xurdiu a súa canle A Lobeira Today; Iago Gordillo, que nos falou sobre videoxogos e o seu “Recuncho Gamer”; Rogelio Santos, que nos contou cousas sobre o mundo do mar, e Nee Barros, que nos deu a coñecer as diferentes canles en galego que podemos atopar nas redes. Tamén tivemos a sorte de escoitar a nosa profesora de Química, Rosa Anllo, que realizou unha práctica de laboratorio moi interesante co alumnado da ESO, ademais dunha táboa periódica xigante cos distintos elementos químicos en galego.

Como colofón final, levouse a cabo un festival de clausura dos “21 días co galego e +” o 22 de febreiro no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño no que, ademais de entregárense os premios ao alumnado e profesorado gañador dos diferentes concursos, houbo unha serie de actuacións musicais a cargo da rapazada e dalgúns dos/as seus/súas profesores/as. Tamén contamos coa presenza “virtual” e “en diferido” do actor e humorista Touriñán, que lle enviou unha mensaxe a prol do uso da lingua galega ao alumnado do CPI Atios.

### Día da Muller e da Nena na Ciencia

Como comentamos anteriormente, para celebrar este día e fomentar as disciplinas científicas entre as rapazas, contouse coa participación da médica psiquiatra e divulgadora científica Iria Veiga Ramos, coñecida como a A Raíña Vermella, ademais da nosa profesora de Química, Rosa Anllo, que realizou unha práctica de laboratorio co alumnado da ESO amosando como un determinado composto químico ía mudando de cor ao ser remexido cun chupachups. Estas charlas tiveron lugar durante os “21 días co galego e +” e tamén formaron parte dese proxecto.



### Día do Amor e da Amizade

Durante as semanas previas ao 14 de febreiro, toda a comunidade educativa se implicou na escrita de mensaxes de amor e amizade para depositar nas diferentes caixas de correo distribuídas polo centro. Nesta actividade, organizada polo EDLG, colaborou tamén o alumnado de 4º ESO organizando o correo e repartindo as cartas ás persoas destinatarias.

### Entroido

Ademais de cumprir os mandados do Meco durante a semana previa ao festival, mandados que consistían en traer cada día un complemento concreto e rechamante na nosa indumentaria, o Entroido xirou, como cada ano, arredor do proxecto do centro. Os/as alumnos/as de cada grupo ou curso disfrazáronse de animais mariños, traballadores/as do mar, piratas... e realizouse un pequeno desfile polas rúas de Valdoviño. Posteriormente, o alumnado, en distintas trauas segundo a etapa educativa, baixou ao recreo para gozar das sobremesas típicas de Entroido e da música e o baile.

### Día de Rosalía

Para conmemorar o Día de Rosalía de Castro, que tivo lugar o 23 de febreiro (nova data establecida para o seu nacemento, segundo as últimas investigacións), todo o centro traballou arredor da súa figura e obra de diferentes xeitos e en diferentes clases. Para isto, dende o EDLG propúxose unha batería de actividades consistentes en tarefas de lingua, *escape rooms*, xogos...

Tamén dende Cultura do Concello de Valdoviño nos ofreceron unha serie de ligazóns a distintas interpretacións musicais sobre os versos de Rosalía de Castro realizadas por diferentes artistas galegos. Estes vídeos musicais puxéronse nas clases e titorías o mesmo día da conmemoración.

Outra interesante actividade foi a proposta dende a materia de Física e Química, que consistiu en atopar símbolos químicos nas palabras que compoñen os versos de Rosalía de Castro e, a partir de aí, indicar o seu nome. A actividade realizouse nuns murais que se expuxeron nos corredores da ESO.

Ademais disto, e entroncando coas actividades dos “21 días co galego e +”, realizouse un obradoiro de chapas feitas a partir de debuxos de Rosalía realizados polo propio alumnado. Para esta última actividade contouse coa colaboración das profesoras de Plástica (na parte creativa do debuxo) e de Tecnoloxía (na fabricación das chapas).

No festival de clausura dos “21 días co galego e +” tamén estivo presente Rosalía de Castro a través da interpretación musical do poema “Negra Sombra” por parte do grupo do profesorado.

### Poesía e Imaxe

Como cada ano, o noso alumnado participou con grande éxito no concurso, establecido para todos os niveis educativos, organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, e que consiste na creación de obras artísticas a partir de poemas de diferentes linguas seleccionados de antemán pola propia Coordinadora. Para iso, o alumnado traballou os textos e a súa representación gráfica na materia de Plástica.

### Día da Muller

Para conmemorar o 8 de marzo, o alumnado realizou unha serie de actividades ao longo das semanas próximas á data co fin de visibilizar a desigualdade aínda existente na sociedade por razóns de xénero. Moitas delas fixéronse a

través de distintas materias ou das titorías. Entre estas actividades, realizáronse algunhas como a investigación sobre diferentes figuras femininas pertencentes a distintos ámbitos ou unha xincana de mulleres invisibilizadas nos libros de texto. Todos eses materiais foron recollidos polo Concello de Valdoviño para realizar unha exposición na Casa da Cultura que, posteriormente, visitaron algúns dos nosos alumnos e alumnas.

\*\*\*

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de ACTIVIDADES, EXCURSIÓNS E SAÍDAS durante este trimestre, que foron as seguintes:

- En EI, baixaron á Casa da Cultura de Valdoviño para visitar a exposición sobre o Día da Muller organizada polo Concello de Valdoviño e realizada con materias do alumnado do centro.
- No 1º ciclo de EP, realizouse semanalmente a milla proposta polo Departamento de Educación Física arredor do centro escolar. O 2º curso fixo, ademais, unha saída polo concello para coñecer os principais edificios públicos, o seu uso e revisar e traballar os sinais de tráfico. Tamén participou no contacontos *O lobo Ramón* que tivo lugar na biblioteca o 10 de marzo.
- No 2º ciclo de EP, durante a semana do 7 de febreiro, 3º A, 3º B e 4º B de EP foron á Casa da Cultura a ver unha exposición realizada polo alumnado de EI. O 24 de marzo, 3º EP realizou unha saída á praia da Frouxeira. Ese mesmo día, 4º EP visitou o Museo Mares de Cedeira, onde o alumnado puido observar embarcacións, aparellos de pesca... e coñecer o traballo que realizan as redeiras.
- No 3º ciclo de EP, o día 15 de marzo 5ºA foi ver a Exposición Mulleres na Casa da Cultura de Valdoviño. O día 18 de marzo, 5º e 6º levaron a cabo a segunda etapa do camiño a Santo André que vai dende o Pazo Libunca, en Narón, ata o mirador do Monte Esperón, en Valdoviño.
- En canto á ESO, o Departamento de Educación Física organizou unha saída á neve (Semana Branca) para o alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO. Dita excursión tivo lugar do 20 ao 24 de febreiro na estación de esquí Astún de Jaca, en Huesca.

Ademais, todos os departamentos da ESO, en maior ou menor medida, xunto co 3º ciclo de EP, colaboraron activamente no programa “21 días co galego e +”, elaborando traballos co alumnado (vídeos, reflexións sociolingüísticas, concursos...); atendendo da rapazada en charlas, obradoiros e xogos, realizando materiais e fotografías para o *photocall*... Foi un traballo en equipo que abrangueu boa parte da comunidade educativa e que non sería posible sen o seu esforzo e a dedicación de todos/as máis alá das horas habituais de traballo.

#### Actividades realizadas no terceiro trimestre:

##### A Mocidade coa Lingua

Logo da parada por mor da pandemia, por fin volveu celebrarse o xa tradicional festival da Mocidade coa Lingua que todos os anos organizaba a Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, e no que participan grupos musicais de alumnos/as de toda a comarca de Ferrolterra. Durante os meses previos, un grupo de alumnos e alumnas da ESO do centro ensaiou co profesor de Música dúas pezas para participar no evento. Este alumnado, que formou o grupo L. V. L. para a ocasión, compuxo dous temas de rap, un deles unha versión do himno



galego e o outro de autoría propia, como indicaban as bases do festival. Ademais, tamén participou nesta ocasión como grupo convidado Bitter Cans, formado, entre outros, por profesorado do colexio. Logo da celebración do festival, a organización do mesmo elaborou un CD con todas as actuacións do alumnado en directo para agasallar as persoas participantes.

### Día do Libro

Para conmemorar o Día do Libro, desenvolvéronse varias actividades no centro arredor da data oficial, o 23 de abril:

Dende o Equipo da Biblioteca, elaboráronse pequenas obras teatrais de temática relacionada cos libros e representadas por pequenos grupos de alumnos/as dos últimos cursos de EP e de 1º ESO nas diferentes clases. Estas representacións desenvolvéronse ao longo da semana nas propias aulas e na biblioteca.

O alumnado de EI e EP, ademais, recibiu a visita de ilustradora Blanca Escrigas, autora do libro *Allá en los mares*, sobre o cal conversou cos rapaces e rapazas do centro.

Tamén, o 21 de abril, contamos coa presenza de Séchu Sende, escritor, profesor, ilustrador e figura polifacética en xeral, que conversou co alumnado da ESO do centro no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño. A actividade foi organizada polo EDLG e polo Departamento de Lingua Galega e Literatura. Previamente, nas clases de Lingua Galega, traballáronse algúns dos textos da súa obra *Made in Galiza*, arredor dos cales o alumnado reflexionou sobre cuestións sociolingüísticas, e tamén se leu algún poema da súa autoría.

Propúxose, ademais, dende o EDLG e as diferentes materias de lingua, realizar uns “bookfaces” consistentes en facer unha foto cunha portada dun libro que debía ter continuación ou ser completada co corpo real do/a alumno/a.

### Día das Letras Galegas

A celebración das Letras Galegas tivo lugar en conxunto coa dos Maíos o día 20 de maio, pero tamén se traballou o autor homenaxeado este ano, Florencio Delgado Gurriarán, na materia de Lingua Galega e Literatura durante os días previos, organizando un concurso de investigación a partir dos carteis enviados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para conmemorar esta data. Deste xeito o alumnado, por grupos, tivo que buscar información sobre o autor a partir dunhas preguntas previamente formuladas na clase. Tamén se visualizaron na aula outros materiais elaborados para a ocasión, como algún vídeo sobre a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán. Na conmemoración do día 20, algúns alumnos de 4º ESO leron o poema do autor sobre os Maíos, en conexión coa outra celebración que se estaba a desenvolver. Non debemos esquecer tampouco que, xa no 2º trimestre e dentro dos “21 días co galego e +”, tivo lugar unha videoconferencia co escritor Héctor Cajaraville, que nos falou do autor homenaxeado.

### Maíos

Como xa dixemos, celebráronse conxuntamente coas Letras Galegas e elaborouse a tradicional alfombra floral no patio da cafetería xa dende o día previo. Os diferentes cursos de todos os niveis fixeron tamén os seus “minimaios” para colocar arredor da alfombra e o alumnado de 4º ESO confeccionou uns maíos grandes para situar no centro durante a celebración. Ademais, cantáronse as tradicionais cancións sobre os Maíos que foron ensaiadas previamente pola profesora de Música de EP e tiveron lugar as actuacións do alumnado de EP, cunha danza a ritmo de paus realizada na pista, e das alumnas cantareiras e pandereteiras 3º ESO, xunto co alumno rapeiro tamén dese curso.

### Certame de microrrelato e micropoesía “Carmela Loureiro”

Aínda que a elaboración dos microrrelatos e micropoemas do alumnado xa tivo lugar con antelación nas clases de Lingua Galega e Literatura, o fallo do concurso organizado pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra e o Concello de Ferrol a nivel comarcal non se soubo ata o mes de xuño. Do noso centro, resultaron gañadores un alumno de 4º ESO, na categoría de micropoesía, e dúas alumnas de 2º ESO (unha delas cun “accésit”), na categoría de microrrelato.

### Directo co “Digocho eu!”

A través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e en relación co proxecto “21 días co galego e +” desenvolvido no mes de febreiro, levouse a cabo un directo organizado polos creadores do programa da TVG “Digocho eu!”, no que participou todo o alumnado da ESO e o 3º ciclo de EP. A videoconferencia desenvolveuse no comedor e na biblioteca o 6 de xuño.

### Xeoparque Cabo Ortegal

Dende o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal puxéronse en contacto co CPI Atios para establecer unha rede de colaboración entre os distintos centros educativos da zona e o propio Xeoparque. Polo momento, só se celebrou unha reunión entre a responsable da xestión desta actividade e as profesoras interesadas, coa intención de poñer en valor e visibilizar aqueles proxectos que se están a facer no centro e que poderían encadrarse dentro do programa xeral do Xeoparque.

### Somos moitos tour

Dende o Concello de Valdoviño ofrecéusenos esta actividade organizada pola Consellería de Política Social e dirixida ao alumnado de 3º e 4º ESO co obxectivo de informar a mocidade sobre as oportunidades laborais e de voluntariado na Unión Europea. Esta proposta tivo lugar na pista do centro educativo, na que se instalaron unhas carpas e na que un grupo de monitores/as realizou unha serie de actividades lúdicas cos cursos sinalados.

### Fin de curso

Para a fin de curso, a diferenza de cursos anteriores, desenvolveuse unha merenda ao aire libre, previos xogos, bailes e actividades lúdicas organizadas por cada nivel. Tamén tivo lugar a tradicional despedida do alumnado de 4º ESO para toda a comunidade educativa. Aínda que estaba previsto desenvolver a merenda no campo de fútbol municipal, o tempo non permitiu poder utilizar ese espazo e substituíuse polo patio exterior do colexio. Distribuíuse un paquete a cada alumno/a usuario/a do comedor cunha hamburguesa, patacas fritidas e unha peza de froita. O resto do alumnado trouxo a súa comida da casa.

\*\*\*

Paralelamente ás actividades complementarias organizadas a nivel de centro, os/as xefes/as dos diferentes ciclos e departamentos organizaron unha serie de ACTIVIDADES, EXCURSIÓNS E SAÍDAS durante este trimestre, que foron as seguintes:

#### El

- O mércores 27 de abril, todos os cursos de El asistiron ao Aquarium Finisterrae e á Casa das Ciencias da Coruña para coñecer as diferentes especies mariñas alí presentes (en relación co proxecto anual de centro dedicado ao mar) e para visitar tamén o planetario e coñecer o sistema solar.
- O venres 17 de xuño, o alumnado de El realizou unha saída ata Ares, onde os nenos e nenas visitaron a praia e a súa contorna natural.

#### EP

- 1º ciclo de Educación Primaria:
  - O luns 28 de marzo, o alumnado baixou á Casa da Cultura para ver a exposición do Día da Muller elaborada cos materiais feitos previamente polos rapaces e rapazas do colexio.



- O xoves 31 de marzo, o alumnado de 2º de EP foi a Cedeira visitar o Museo do Mar e a lonxa, visita que tamén realizaron o venres os rapaces e rapazas de 1º.
- O 14 de xuño, realizouse a saída de fin de curso ao parque zoolóxico Marcelle Natureza.

- 2º ciclo de Educación Primaria:

3º EP:

- O 10 de xuño, o alumnado de 3º EP visitou o Museo de Historia Natural e a peixaría de Ferrol, ademais de realizar un paseo por esta mesma cidade.
- O 13 de xuño, visitaron Cedeira para coñecer a actividade de remo.
- O 15 de xuño, gozaron dun contacontos do libro *Dez piratas*, de Gloria Sánchez, no propio centro educativo.

4º EP:

- O 23 de maio, o alumnado de 4º EP participou na actividade "Ecopercusión" de Música empregando caldeiros e baquetas.
- O 27 de maio, este mesmo alumnado visitou o albergue Alvarella Ecoturismo en Vilarmador e alí realizou actividades como a escalada no rocódromo, a observación da charca, xogo de pistas...
- O 8 de xuño, realizou o seu bautismo de surf na praia da Frouxeira.

- 3º ciclo de Educación Primaria:

5º EP:

- O 27 de abril, os rapaces e rapazas de 5º de EP fixeron unha saída a Ares, visitando o Concello, o porto e o club de remo.
- O 6 de maio, realizaron a cuarta etapa do camiño a Santo André, dende a Capela da Fame a San Román.
- O 11 de maio, desprazáronse ata Cedeira para facer vela.
- O 13 de maio, baixaron ata o centro de Valdoviño con motivo da iniciativa "Un km solidario por Ucraína", coa finalidade de recadar cartos para axudar economicamente as vítimas do conflito bélico que está a ter lugar neste país.
- O 3 e o 4 de xuño, realizaron unha excursión ao albergue de ecoturismo de Alvarella, en Vilarmador.
- O 15 de xuño, fixeron a última etapa do camiño vello a Santo André, de San Román a Teixido.

6º EP:

- O 20 de abril, os rapaces e rapazas de 6º de EP realizaron unha saída a Ares.
- O 6 de maio, levaron a cabo tamén unha das etapas do camiño a Santo André.
- O 5 e o 6 de xuño, visitaron o albergue Alvarella de Vilarmador.
- O 8 de xuño, realizaron un bautismo de surf na praia.
- O 15 de xuño, fixeron o último tramo do camiño a Santo André.

## ESO

- Departamento de Bioloxía e Xeoloxía:

Este departamento colaborou na organización da actividade sobre a contorna natural de Valdoviño composta por charlas na aula e saídas ás praias de Vilarrube e de Pantín para coñecer a actividade marisqueira da zona. Tivo lugar na semana do 4 ao 8 de abril para 2º e 3º da ESO.



- Departamento de Educación Física:

Dende Educación Física organizáronse e desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Actividade sobre a contorna natural de Valdoviño composta por charlas na aula e saídas ás praias de Vilarrube e de Pantín para coñecer a actividade marisqueira da zona. Tivo lugar na semana do 4 ao 8 de abril para 2º e 3º da ESO.
- Excursión a Asturias no mes de maio para gozar de actividades físicas e deportivas en plena natureza. A saída estivo dirixida ao alumnado de 1º ESO.
- Obradoiros, actividades acuáticas e bautismos de surf durante o mes de xuño para toda a ESO.

- Departamento de Orientación:

Este departamento organizou as seguintes actividades:

- Charlas de Asfedro (Asociación Ferrolá de Drogodependencias) sobre adiccións, que se desenvolveron ao longo dos meses de abril e xuño e estiveron dirixidas a 3º e 4º ESO.
- Charlas do Proxecto Xénero, dirixido ao alumnado de 3º e 4º da ESO. Esta actividade foi promovida e subvencionada polo Concello de Valdoviño. O proxecto concreto, “Xénero historias”, tratou de levar a cabo o cine nas aulas poñendo os coñecementos pedagóxicos e cinematográficos na man das/dos adolescentes de 3º e 4º da ESO para que eles/as mesmas/os compuxesen a súa propia creación e a súa mensaxe. O proxecto desenvolveuse ao longo de todo o 3º trimestre.
- Obradoiros “Quérote máis” sobre educación afectivo-sexual, o mércores 15 de xuño para 3º ESO.
- Charlas de diversos centros educativos sobre Formación Profesional: IES Terra de Trasancos, IES Punta Candieira... para 4º ESO B.

- Departamento de Xeografía e Historia:

Organizou as seguintes actividades:

- Saída ao Museo Caldoval en Mugar dos co alumnado de 3º de Cultura Clásica e de 4º de Latín o venres 22 de abril.
- Obradoiro de Prehistoria co alumnado de 1º da ESO o martes 26 de abril.

- Departamento de Lingua Galega e Literatura:

Este departamento colaborou co EDLG na organización da charla de Séchu Sende con motivo da celebración do Día do Libro. O escritor, profesor, ilustrador e figura polifacética en xeral conversou co alumnado da ESO do centro no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño o 21 de abril. Previamente, nas clases de Lingua Galega, traballáronse algúns dos textos da súa obra *Made in Galiza*, arredor dos cales o alumnado reflexionou sobre cuestións sociolingüísticas, e tamén se leu algún poema da súa autoría.



Finalmente, trasladouse aos diferentes ciclos e departamentos toda aquela información recibida no centro referida a distintos tipos de actividades que puideran ser do interese do profesorado. Esta información chegou vía correo electrónico ou correo ordinario. A información que chega en papel sobre estas actividades ou sobre a participación en diferentes concursos artísticos e literarios estase a colocar nunhas bandexas habilitadas para tal efecto na sala do profesorado.

#### **Puntos fortes:**

Fundamentalmente, a implicación de toda a comunidade educativa nas actividades, festivais e distintas celebracións. Á hora de levar a cabo ditas actividades, hai unha correcta distribución de tarefas e, cada curso, ben sexa de Infantil, de Primaria ou de Secundaria, se implica intensamente nos aspectos que lle corresponde preparar en cada momento. Este ano, ao igual ca o anterior, a causa da situación xerada pola pandemia, a colaboración e implicación tivo moita máis importancia polo feito de xerar un clima de simultaneidade que doutro xeito non podería conseguirse. Valoramos tamén moi positivamente, polo que nos parece un punto forte importante, a interrelación entre o EACE, o EDLG e a Biblioteca, que debido ás circunstancias, estes últimos cursos está a ser aínda máis estreita do que xa era en anos anteriores.

#### **Puntos débiles:**

Sen dúbida, os puntos débiles residen na situación actual xeralada pola COVID-19, xa que o espírito fundamental das actividades complementarias e extraescolares é o de conseguir unir a toda a comunidade educativa para facer cousas en común e, a causa da distancia de seguridade e dos aforos, foi difícil manter a esencia desa unión en moitas ocasións. En calquera caso, a pesar das dificultades e do traballo que implicou refacer, reformular e reorganizar certas celebracións que xa eran tradicionais no centro, consideramos que se acadou o obxectivo de manter o “espírito Atios” e de intentar “normalizar” a situación na medida do posible, todo iso engadido ás últimas mudanzas na situación pandémica que están permitindo achegarnos pouco a pouco a unha nova normalidade. De feito, podemos afirmar que durante o 3º trimestre xa se desenvolveron moitas actividades de xeito bastante semellante a como eran antes da pandemia.

#### **Propostas de mellora:**

Tentaremos seguir na mesma liña de traballo: en equipo, colaborando entre as distintas dinamizacións e implicando nas actividades do centro a todos os integrantes da comunidade educativa, pero intentando desenvolver a organización de certas actividades cunha marxe máis ampla de tempo ou primando unhas sobre as outras, no caso de acumulárense ou solapárense.

Valdoviño, 23 de xuño de 2022

**María Lúsa Pita Rubido**  
Coordinadora do Equipo de Actividades  
Complementarias e Extraescolares